

ANUNCIO

DECRETO AMPLIACIÓN PERÍODO TERRAZAS RÚA MAGDALENA (ENTRE R/ RUBALCAVA E R/CORUÑA)

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna deste concello, por delegación da Alcaldía do 08/07/2019 (BOP 22/07/2019), con data do 03/10/2020, resolveu o seguinte:

“O 02.10.2020 o xefe do servizo de Urbanismo emitiu o seguinte informe-proposta:

“· Antecedentes:

1.- O 30.09.2020 dítase decreto polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Tráfico que resolve “aprobar o corte ó tráfico rodado na rúa Magdalena, entre a rúa Rubalcava e a rúa Coruña. Este corte será efectivo dende o 1 de outubro de 2020 ata o 10 de xaneiro de 2021.”

Dita medida mótivase no seguinte: “Debido á situación excepcional derivada do Covid-19, e como medida de promoción económica encamiñada ó impulso e reactivación da economía local considérase preciso prorrogar excepcionalmente o corte ó tráfico rodado na rúa Magdalena, no seu tramo entre a rúa Rubalcava e rúa Coruña”

En dito decreto consta informe favorable da policía local.

2.- Debido á situación ocasionada polo COVID-19, e por motivos de promoción económica, o Concelleira delegada titular da área de Urbanismo e Mobilidade considera necesario autorizar as terrazas temporais nese ámbito peonalizado (rúa Magdalena, no tramo entre a rúa Rubalcava e a rúa Coruña) e ata o 10.01.2021.

· Fundamentos de dereito:

O art. 24 da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería (BOP do 10.08.2016), establece:

“1.3:Nos períodos de festas de Semana Santa, Nadal ou verán poderá autorizarse a instalación de terraza finalizando a autorización ao rematar o período de festas, cuxa data de remate se fixará na autorización.

1.4.-Tamén poderán autorizarse en períodos distintos dos sinalados por motivos de promoción turística da cidade.”

De conformidade coa Disposición Adicional Terceira da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería, a Alcaldía-Presidencia ou o Concelleiro que teña delegadas as competencias en funcións urbanísticas están habilitados para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Por todo isto, propoño ó concelleiro delegado titular de Urbanismo a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Autorizar a instalación temporal de terrazas na rúa Magdalena, no tramo entre a rúa Rubalcava e a rúa Coruña, dende o 01.10.2020 ata o día 10.01.2021, debido ó seu peche ó tráfico rodado.

Segundo.- Os interesados na instalación de terrazas en dito tramo de rúa deberán solicitar autorización para elo de conformidade coa Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería, con independencia de que foran titulares ou non de autorización de terrazas temporais para a época de verán do 2020.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no BOP e na páxina web do concello.

Cuarto.- Notificar á policía local para o seu cumprimento e realización de actuacións necesarias para a regulación do tráfico e inspección das terrazas colocadas.”

DECRETO.- Vista a proposta precedente, apróboa nos seus propios termos.”

Recursos: Contra a resolución que é definitiva en vía administrativa, poderá vostede interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da

recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

Se opta por interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, deberá facelo ante o órgano municipal do que dimana o presente acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á da recepción da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes dende a interposición do mesmo sen que fose notificado, poderá vostede interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería notificar de forma expresa (un mes dende a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa en relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ferrol, 5 de outubro de 2020.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna,
por delegación da Alcaldía do 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)
Asdo.- Julián Reina Villalón.